



RUMBO⁹

AO RECOÑECEMENTO

Título: Rumbo nº9

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega_ IES San Clemente
Rúa San Clemente s/n_ 15705, Santiago de Compostela, Galiza

Licenza: creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0

Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo.

Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza.

Debes atribuír as obras aos autores.

Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais.

Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras.

Website: www.iessanclemente.net/rumbo

Contacto: edlg@iessanclemente.net

Coordinación: Stela Iglesias García


Revisión: María do Carme González Bueno

Ilustracións:

- Portada e contraportada: Canva, Stela Iglesias García.
- Índice: Canva, Stela Iglesias García.
- Páxinas 3, 12, 13, 14, 15 e 16: elementos gráficos de Canva.
- Páxina 29: Canva, Stela Iglesias García + elemento gráfico Canva.
- Páxina 30: Canva + fotografía, Stela Iglesias García.

Impreso en Galiza: Creade, Santiago de Compostela

Edición: xuño 2024



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

RUMBO⁹ AO RECOÑECEMENTO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
IES SAN CLEMENTE, SANTIAGO DE COMPOSTELA

IMOS POLA NOVENA!

Nesta publicación do EDLG, a novena da serie Rumbo, recompilamos e dámoslle visibilidade a todo o material reunido durante este ano grazas aos concursos e certames que convocamos.

Lembrade que todos os membros da comunidade educativa tedes a porta aberta para publicar os vosos textos, opinións, reflexións, imaxes e ilustracións, sen maior pretensión que a de ter unha lembranza de cada ano escolar no IES San Clemente.

Animádevos a participar!

RUMBO AO RECOÑECIMENTO.



“É abraiante que sexan os propios herdeiros do holocausto os que elixiran esquecer o que foi vivir e morrer no lugar do oprimido, o que significou: o desprezo e a constante humillación, a conseguinte suspensión dos seus dereitos cidadáns e humanos, a súa conversión en inimigos, en seres indesexables, menos ca animais, escoura. Esas palabras inhumanas fixeron posible o impensable: o xenocidio. Non é entón unha simple ironía. É unha irresponsabilidade histórica inaceptable e estremecedora que eles elixan non ver, ou peor, elixan repetir esa fórmula discriminatoria sobre os palestinos”.

“Palestina en pedazos”, Lina Meruane.

ÍNDICE.



Páxina 5




Páxina 7



Páxina 9



Páxina 16



Páxina 17



Páxina 21

Outras actividades Páxina 29

14º CONCURSO DE FELICITACIÓNS DE ANINOVO

1º PREMIO

David Becerra Vázquez (IES Xoán Montes)



2º PREMIO

Clara de Asís García Dorado (2º BACH_ IES San Clemente)



3º PREMIO

Naike López Varela (1º BACH_ IES San Clemente)



9º CERTAME DE MICROVÍDEOS

1º PREMIO_ "*Compostela 2099*"

Marcos Vence (profesor de informática) e **Carme Otero** (conserxe).



2º PREMIO_ "*Sensacións en Manzaneda*"

Ramón Salgado Alcalde (1º ASIR_ IES San Clemente).



3º PREMIO_ *"Paxaro negro na terra"*

María Concepción Álvarez Rilo (2º BACH_ IES San Clemente).



ACCÉSIT_ *"Montaxe dun paso procesional"*

Manuel Míguez Liméns (1º ASIR_ IES San Clemente).



9º CERTAME DE RELATO BREVE

1º PREMIO_ "O sorriso"

Aitana Novo Sanmiguel (1º DAW_ IES San Clemente).

Xabier non paraba de correr, chovía e tronaba. Os ecos estridentes das sirenas dos coches de policía intensificábanse. O sanguento segredo bordado na súa vestimenta falaba dunha culpa que non podía esconder.

O corazón íalle estoupar no peito. De súpeto entre o mato, apenas visible, atopouse cunha casa abandonada. O vento silbaba a través das fendas, creando un coro de xemidos fantasmais, pero non lle quedaba outra saída se quería fuxir dos seus perseguidores.

Coa súa lanterna trémula, avanzou polos corredores escuros. As sombras danzaban nas paredes formando figuras inquietantes. Unha sensación de medo invadiuno pero seguiu adiante.

Entrou nunha sala cuberta de po. Un retrato descolorido penduraba na parede pero había algo estrano naquela muller, os seus ollos parecían seguilo... Sentiu un arrepío percorrerlle a espiña.

De súpeto, un ruído estridente encheu o aire. Xirou sobre si mesmo pero só viu escuridade. A súa lanterna apagouse. O silencio era ensordecedor e o aire espeso e irrespirable.

Entón, unha risa fría e sinistra resoou na súa mente, resultáballe familiar. Acaso o atoparan? Sentiu un alento xélido no seu pescozo. Paralizado polo terror, non puido moverse.

A risa continuou, cada vez máis forte e máis preto. Pechou os ollos, custáballe alentar e apretou a sen pregando para que todo fose un soño. Pero cando os abriu, alí estaba esa face pétrea e cruel, pegada á súa.

(Comentario 1)

O exame grafolóxico da Nota de Suicidio (véxase doc. 3) en comparación ao do caderno determina que foron escritos por persoas diferentes, considerándose o caderno propiedade da vítima conforme as declaracións de M.A. (de agora en diante a acusada). Non se achan pegadas dixitais nin da vítima nin da acusada en dita nota. Pendentes de nova información, solicítase un novo exame grafolóxico que determine a porcentaxe de similitude entre o doc. 3 e o Proba Psicolóxica realizada e cuberta pola acusada.

(Comentario 2)

Realizado o segundo exame considérase que a porcentaxe de similitude entre ambos documentos é indeterminada.

Data de última revisión:

09/06/2015

Estado do caso: archivado



3º PREMIO_ "A radio"

Odilo González Carnero (Profesor de informática).

As ondas son algo marabilloso: transmitir información sen fíos dende o Macizo central até o Ortegal... que grandes utilizades ten esta ferramenta! Culturizar o pobo traballador, loitar contra a mentira e a difamación, redescubrir a nosa historia premeditadamente ocultada.

O mundo avanza moi rápido. Que nos deparará o futuro?

Isto pensaba eu antes de comezar o informativo vespertino que axudaba a organizar en Radio Compostela. Coma un lóstrego soou o teléfono da sala de redacción. Colleuno un dos voluntarios da emisora.

- Carnero! É o Alcalde! Parece moi axitado e quere falar contigo.

Apaguei o cigarro e, decontado, fun coller o auricular.

Moi exaltado, o alcalde manifestou que a nova o collera fóra da cidade, que todos os rumores eran certos, que os fascistas se alzaran e que o golpe de estado era un feito. Urxía informar ao pobo, que non se deixara amedrentar: aínda podíamos frustralo.

O programa comezou de inmediato, pasamos toda a noite arengando á xente, pedindo que se correra a voz, que existía un goberno lexítimo ao que defender.


Seguían chegando novas, parecía que avanzaban rápido, que os altos cargos militares postos en Galiza eran algúns dos máis traidores. Como máximo responsable das emisións, fun pedindo a compañeiros e compañeiras que regresaran ás súas casas, que se asegurasen de que as súas familias estaban seguras. Eu fiquei, pois confiaba no pobo, na xustiza e na radio. Mais non por me esquecer de ti.


Confiei.

E agora, dende a prisión, escriboche estas liñas, querida Conchita. Sabes? Outro preso está a facer agora mesmo un retrato de min. Acúsanme de traizón pero eu non teño nada que desculpar. Din que a pena para estes casos é a capital.


Conchita, cantas cousas se poderían facer con esa radio...

(Adaptación das lembranzas de José Carnero de Valenzuela)





RELATOS BREVES PRESENTADOS FÓRA DE CONCURSO



"Confesión ósea" _ Carme Otero Cruz (Conxerxe).

Preséntome. Son Amaro, 206 ósos desde o frontal do cranio até as falanxes. En definitiva, o esqueleto que olla arrepentido desde unha das xanelas do San Clemente. Moito gusto, aínda que as miñas papilas gustativas xa esvaeceron alá polos anos 80, cando falecín, moi novo, dunha doenza endemoñada.

Desde entón, o meu corpo, mellor dito, este saco de ósos destinouse á ciencia, nomeadamente, ao departamento de Ciencias do instituto. Pouco uso me deron, ao tratarse dunha escola de educación a distancia. Así que aquí me tedes, ollando con vergoña a través da fiestra, dirección Alameda, todo un castigo para min, tal como o que Zeus lle impuxo a Prometeo.

Supoño que non entendedes nada. Explícome. Estadés a ler a miña confesión en apenas 300 palabras, o motivo de sentirme condenado de por vida (e morte) a mirar para a estatua de As dúas Marías, de Maruxa e Coralia, coas súas roupas estafalarias e as súas maquillaxes rechamantes, benqueridas tanto pola xente picheleira como a forasteira e repousando en todos os álbums de fotos da contorna.

Pois si, Amaro, un deses estudantes que, naquela altura, trataba por vellas loucas a As dúas en punto, que as humillaba con insultos e burlas no canto de acompañalas na súa protesta chea de xenreira, dignidade e dor. Amaro, unha alma en pena torturada coa visión eterna daquelas boas mulleres. Amaro, unha simple osamenta que, ás veces, o profesorado usa como percha e que a maior parte dos días loce, paradoxalmente, un pano negro "contra a violencia".

Son Amaro e só devezoo porque chegue a fin de semana, o meu único instante de paz, cando a conserxe baixa a persiana e marchan todos eses fantasmas de cores e podo, por fin, expiar a miña culpa cunha miserenta bágoa.

"Cero en matemáticas" _ Antón Labraña Barreiro (Profesor de matemáticas).

Xoel non podía dar creto ao que estaba pasando. Levaba lidas as primeiras cinco preguntas do exame e non tiña nin idea de cales poderían ser as respostas.

Comezou a pórse nervioso. Aínda que non estudara moito a verdade hai que dicila-, argallando un pouco de acó e outro pouco de acolá pensaba aproximarse ao 4 ou, polo menos, ao 3´5. Despois, botándolle unha choricada á profe, malo sería que non lle subira ao aprobado.

— Mándalle truco! Como suspenda as matemáticas tamén, meu pai escarállame!

Por fin, decidiu continuar. Leu a sexta pregunta: Nada! A sétima: Nada! A oitava: Naada! A novena: Naaada!

De súpeto, unha muxica de luz reflectiuse na súa ollada:

— Esta seina, esta seina!

Efectivamente, a décima, e última, pregunta parecíalle moito máis doada que todas as outras... tal e como eran as anteriores.

10ª) Que nota vas a sacar neste exame?

Seguro de acertar, escribiu decidido: Cero! Que ei sacar se non sei nada!

Cando, na corrección, a profesora chegou ao exame do Xoel dixo para si: "Pois si! Un 0 é o que mereces". E púxollo.

Porén, de inmediato decatouse que a resposta á décima cuestión coincidía coa nota do exame: Era, polo tanto, correcta! Debería, daquela, pórllle un "1".



Riscou o "0" e cun rotulador vermello escribiu por derriba: "1".

Cando ía pasar ao seguinte exame sentiuse turbada: Non pode ser! Se a nota era "1" e el respondeu "0", estaba, entón, mal!

Apañou do lapiseiro un rotulador máis groso. Tachou o "1" e ao lado espetoulle un contundente "0".

Alentou. O xusto para que as dúbidas de antes lle sobreviñesen de novo. Volta co "1"; outra vez co "0", o "1" o "0"... E así pasou as horas ata que o sono virou o seu maxín cara outras fantasías menos angustiosas.


$y = \frac{\Delta x}{\Delta z}$
 $(x-y)^2$
 $\phi = \sqrt{\frac{\sum (x-m)^2}{n-1}}$
 $\int (x \pm a)^2$
 $Q = S = \begin{bmatrix} 1 & 0 & 0 \\ 1 & 0 & 1 \\ 0 & 0 & 1 \end{bmatrix}$
 $\pi \approx 3,14$
 $\lim_{x \rightarrow 1} \frac{\text{ctg} x - 2}{2\sqrt{1-x^3}}$
 $P = r^2 \pi$
 $\ln = \sqrt{a \cdot b}$
 $4x = 8 - 3y^2$
 $e = 2,79$
 $\sum = n-1$
 $y = 2x^2 + 3x$
 $P = \sum_{i=0}^{\infty} x^i$
 $\frac{A-C}{C}$
 $\sin \alpha$
 $\tan(2\alpha) = \frac{2 \tan(\alpha)}{1 - \tan^2(\alpha)}$
 $15 \Delta t = T - \frac{3a}{x}$
 $(x+y)^2 = \left(\frac{y}{2}\right)^2 = x^2 + 2ax + a^2$
 $c \ln \left(x \left(\frac{a - \sqrt{x^2}}{x} \right) \right) + C$
 $\sum_{n=0}^{\infty} \frac{x^n}{n!} = e^x$
 $x_{1/2} = \frac{b \pm (a-c)}{\sqrt{a}}$
 $S = \int_{t=2}^{t=10} 5t dt = \frac{\Delta x}{\Delta z} x$
 $\frac{\Delta x}{\Delta y} = \lim_{\Delta y \rightarrow \infty} \frac{\Delta x + 2}{\Delta y - 1}$
 $e = \cos x + \text{tg} y$
 $\int \frac{\sqrt{x+a^2}}{x(x+b)}$
 $\sin \alpha = \frac{b^3}{(x+b)}$
 $x^2 + b^2 = c^2$
 $(x+a)$
 $\sin x$
 $= (y-1)^2$

4º CONCURSO DE PROXECTOS INNOVADORES

Este ano convocamos a cuarta edición do Concurso de proxectos innovadores, destinado ao alumnado do centro matriculado en FP da familia de Informática en calquera das modalidades dispoñibles.

O obxectivo é fomentar o uso do galego neste ámbito das ensinanzas do IES San Clemente.

As propostas debían ser orixinais, inéditas e innovadoras.



1º PREMIO_ *“Quéroo en galego”*

Iria Pérez García (2º DAW Modular_ IES San Clemente)


Segundo as súas propias palabras, “trátase dunha aplicación móbil que rexistra nunha base de datos os libros dispoñibles en galego. Un usuario ou usuaria da aplicación pode escanear co móbil o código de barras do libro en español que quere mercar e a aplicación buscará se ese libro conta cunha versión en galego. Se é o caso, amosará a portada, o título, a editorial e o ISBN co que pode buscalo. No caso de non existir unha traducción ao galego dese libro, notifícase á persoa que non existe unha versión en galego. Porén, a aplicación rexistra esta búsqueda e acumula as veces que os usuarios tentaron atopar ese libro en galego. Estas estadísticas poden mandarse como informe ás editoriais galegas para que vexan a demanda que teñen determinados libros para que as animen a traducir máis libros.

Esta idea xorde dos diferentes enfoques que se dan á traducción editorial en Galicia e en Cataluña. En Galicia, a maioría dos libros en galego son de autores galegos que adoitan escribir nesta lingua. Porén, non se adoita traducir tantos libros do castelán ao galego. En Cataluña está moito máis estandarizada a existencia da traducción ao catalán dos libros en castelán”.

14º CONCURSO DE MARCAPÁXINAS LETRAS GALEGAS 2024:
LUÍSA VILLALTA



1º PREMIO

Sara Montero Moure (1º DAW_ IES San Clemente).



2º PREMIO

Antón Campos González (1º SMR_ IES San Clemente).



3º PREMIO

Adrián Fernández Sánchez (1º SMR_ IES San Clemente).




Fonte: www.farodevigo.es

Luísa Villalta

Ruído

O ceu cobrou unha cor que facía pensar.
Era a hora en que as botellas se rompen
para dar paso ás profundidades.
Atrás quedaban as cores áxidas, mortas
de sono. O calor
enfriaba-se no bistorí do horioznte.
Os nenos, de cóbados na xanela,
enfrentaban a historia
inconscientes, nun palpebrexo tan veloz
como a infancia.
Pero aínda hai un cambio posíbel que
se reserva no
bolso, un remanente da derrota, para
mirar arredor.
Non nos estábamos separando, por iso
nos recoñecemos.
Fitabamo-nos na cita imprevista, sen
saber quen nos
chamou ao fio da noite.

Ruído (Espiral Maior, 1995).



Fonte: www.aelg.gal

Luísa Villalta

Biografía

Luísa Villalta Gómez destacou como unha figura polifacética na cultura galega, deixando un notable legado como escritora, filóloga e violinista. A súa creatividade abarcou diversos xéneros literarios e expresións musicais. Participou activamente na Orquestra de Santiago de Compostela e na Xove Orquestra de Galicia, así como en varios grupos de cámara da rexión. O seu achegamento á literatura foi tan relevante que a Real Academia Galega a honrou escolléndoa como a autora homenaxeada para o Día das Letras Galegas de 2024. A súa obra, recoñecida pola súa singularidade e consistencia, conságroa como unha das grandes figuras literarias de Galicia.

“As palabras son como as ondas do mar, que veñen e van, pero deixan a súa pegada na area.”

ACCÉSIT

Lucía Ramil Potente (IES Xoán Montes).



LETRAS GALEGAS 2024

Isto é poesía, un ruído provocado.
Non ornamento, arabesco para as
pontas dos dedos: inecesarios
encaixes para a alma dormir ou
sentir a levedeza da onda cando
apenas chega a romper.

Provocación de boca con fame, isto.

E a fame adormece ou reclama.
Fronte á rutina, o rito da palabra
tensa a pel do mundo: un tambor
que desperta. A pel estremece-se
porque recoñece a morte que baila
fóra da tumba.

Isto é tamén unha muller que
resiste.

En concreto, 2004



A Coruña, 1957-2004. Luísa
Villalta constitúe unha
destacada representante da
cultura galega contemporánea,
tanto no ámbito musical como
no literario; a súa obra abarca
todos os xéneros (poesía, teatro,
novela e ensaio literario)
sempre dende unha perspectiva
renovadora e orixinal. Ademais,
foi coñecida polo seu grande
activismo cultural, que de xeito
constante e desinteresado levou
a cabo en colaboración con
diversas asociacións culturais,
colectivos e proxectos de diversa
índole.



Nunha fin de semana de
2004, entre o 17 e o 18 de
xaneiro, 46 días antes de
morrer con 46 anos, a
escritora Luísa Villalta
escribe no lateral dun
almanaque da editora
Assirio & Alvim:

Escoito a voz
que me silencia:
comezo a expresar
o necesario

**37º CONCURSO LITERARIO
MODALIDADE DE POESÍA**

1º PREMIO _ "Vida misteriosa"

Magda Rocío Parra Valencia (ESA_ IES San Clemente).

Irradia e emana Liberdade
Como brazos abertos e vibrantes
Querendo mergullarse na súa verdade.
A vida é misteriosa e sorprendente.
Inspíranos a soñar, sempre soñar,
Aledando momentos sublimes,
Dementes, extasiados no soño
Do momento, ensimesmados,
Absortos e indolentes.

2º PREMIO _ "Amarre"

Diana Ramos Torrado (2º DAM_ IES San Clemente)

Escribir é complicado.
Pero máis complicado é termos o corazón fechado.
Fechado ao mundo.
Fechado a Nós.

Somos, pois,
Enfermos de sentimento.
Algúns, sufridores do arrepentimento.
Outros, espías cegos por consentimento.

Pero todos, todos, precisamos de palabras,
Daquelas que se tornan clave,
Das que se forman todas as chaves.
Das que conseguimos,
Por fin,
Abrirmos o mundo.

Temos, nós, acaso, demasiados pensamentos no aire? Pouco alento e poucas formas de levarmos os sentimentos para o vento? Seremos algo feble que non se mexe?

Non.

Recorda,

Nós somos ósos,
Dos máis duros e que encaixan,
Aqueles dos que marcan.

Nós somos vento,
Aquel que ten palabras bonitas,
Aquel compartido en cada alento.

Nós somos un ollar,
Que comeza escuro,
Un dos que consegue saltar muros.

E Nós tan efímeros,
Xustos,
Contamos os segundos nos que nos divide o señor tempo.

E Nós tan lonxe,
Afastados,
Romperemos a maldición da bruxa espazo,
Agardándonos noutro abrazo.

Pois, Amigo,
Amado,
Buscamos eternidade nunha folla de papel,
Sen sermos pasado.

Recorda,

Nós como un amarre,
Non nos nós que aperta,
Nos Nós que suxeita.

37º CONCURSO LITERARIO MODALIDADE DE PROSA

1º PREMIO _ *“Unha ninguén”*

Lorena Louzao Alonso (2º BACH_ IES San Clemente).

Son Eulalia e sonche ninguén.

Nunca fun nin moi especial, nin moi guapa ,nin moi lista.

Cando me preguntan que de onde son non sei que dicir. Non son da aldea nin da cidade.

Non sei botar as patacas nin subir a un bus, non sei sulfatar nin nadar na praia.

Por non saber non sei nada, sei moi pouca cousa.

Cando nascín, puxéronme Eulalia como a miña avóa e porque nascín na mesma habitación que ela, unha chousa vella a medio reformar e compartida cos meus pais e avós.

Daquela viviamos en Lugo e chouzaba no mes de Abril.

Cando xa souben falar meu pai conseguiu un traballo na Coruña e meu avó morreu. Deixounos o seu traxe branco que mercara nas Américas e a casa baleira.

Aos meus avós encantáballes discutir. Non tiñan que ter un motivo e a metade das veces a miña avóa era a que maldicía ao seu home e imaxinaba o seu enterro para non- aguantalo máis. O meu avó presentabase voluntario para morrer el primeiro solo por non ter que pagar o funeral ao cura en vida.

Así a todo, eles decían que iso non era discutir, era falar.

E cando él morreu ela non quixo saber nada dos demais e invadíulle unha mágoa tremenda, e nunca aceptou que o botaba en falta.

Xa morto meu avó, a avóa que sempre estaba a queixarse de que era un señorito, foi mercar o millor traxe da aldea pra vestir nel e despedirlo. Despois repetía “ Que morto tan señorito!” e seguía a maldicir nel, esta vez por morrer antes ca ela.

Mirade onde chegaba a relación de estos dous vellos que cando infartou, ela pensou que era chola e púxose a muxir nas vacas.

Ese mesmo día recordo a miña nai remexendo no meu armario para vertirme co vestido do domingo e uns zapatos charol verdes que compramos na feria. Vestida, sentoume na escaleira mentres ela subía e baixaba peiteando ao meu irmá , limpando a casa e planchando o traxe do meu pai.

Creo que de tanto que fixo esquecéuselle o morto e a nena. Así cando subiron ao coche tiveron que volver por min a medio camino porque quedara sentada cos zapatucos na man.

Cando eu cheguei a Coruña e contei no colexio as experiencias dos meus primeiros anos de vida a maestra chamou os meus pais con mor de que eu tivera un trauma ou algo así.

Eu pensaba que eras os demais os que non habían de estar moi ben, ningún con pícaros da miña clase vira unha vaca muxir, nin unha cadela parir nin un morto morrer.

Así a todo, acostumbreime á vida da cidade e pouco a pouco esquecín aquela aldea na que todo era mais doado, mais real e mais duro.

A cidade foi transformándose e deixou de ser un sitio de pícaros extraños e despertarse en min un mundo de posibilidades que non tiña no medio do monte...ou si?

Na clase falábase de viaxes, de ambicións e de ganas de ir á gran cidade e medrar.

Eu , nin moi especial, nin moi guapa ,nin moi lista ocurriuseme preguntar aos meus compañeiros se tiñan pensado morrer aquí ou fóra.

Tal pregunta non lles chistou moito, tamén é certo que non daban moitas ganas de imaxinarse esas historias nun sitio coma aquel, branco e frío que semellaba un cuartel.

Ese mesmo día, cando mirei pola ventá vin dous vellos namorados nun banco fóra dunha residencia que figuraban unhs veciños da aldea. Eran a viva imaxe de Benito e Carmen de Moncho.

Case non se falaban e miraban ao infinito impasibles esperando ca morte lles chamara unha noite, esperando que fora os dous á vez.

Pero non eran os de Moncho. Os de Moncho eran un matrimonio pobre de todo que casara na guerra as escondidas, pola noite.

Eran pobres, él era maestro e sempre soñaron con ter púcaros aos que coidar e cos que celebrar as Navidades. Moitas pérdidas tiveron ata que chegou unha rapaciña que cando cumpriu a idade emigrou para Francia.

Eles seguiron pobres e solos coma ratas.

Tiñan a casa chea de fotos da filla e dos netos e cando recibían postais no correo choraban de ledicia. Os de Moncho eran felices a rabiarse na súa pobreza, non discutían como os meus avós e sempre tiñan a casa aberta, sempre andaban a traballar as leiras e nunca tiveron queixa malia os meses a caldo e pan reseso.

Cando a súa filla veu para levalos a Francia a vivir, a aldea quedou un pouco máis baleira e a miña avó máis amargada.

Con todo o felices que eran. aos poucos meses de emigrar, encontramos a esquela dos de Moncho no diario e hoxe, parecían aqueles vellos sentados nun banco da cidade, con cartos para facer de todo pero sin gana de facer nada.

Cando acabei os estudos, souben que tiña a liberdade de marchar para fóra coma todos e de vivir coma a filla dos de Moncho, e comprar un coche descapotable, e vivir nun apartamento con vistas. E así foi, e compreime un billete para marchar.

Xa ca maleta feita fun coller algunhas cousas á aldea e a despedirme da miña avó. e vira sentada, ben vestidinha na eira nun taburete cunha sonrisa ben grande.

E pregunteille a vella que por qué sorría, ela dixo “ porque morro”.

Pois coma eu nunca foi nin moi especial, nin moi guapa, nin moi lista, non quixen ser máis e hoxe morro onde ela.

2º PREMIO _ “Solitarios ao anoitecer”

Noa Martínez González (1º SMR_ IES San Clemente).

A carta por si soa xa lograra instigar o suficiente medo nel para querer rompela en pedazos no momento na que a terminou de ler, pero aínda así non o fixera, e iso o estaba estresando a máis non poder.

Non tiña un remitente, o cal significaba que a persoa deixara a carta por si mesmo na súa caixa do correo. Cando foi preguntarlle a os seus compañeiros de piso, os tres respondéronlle que non tiñan nin a mínima idea de que puido ser a persoa que a enviara. Co paso dos días decidiu que o mellor era deixar de pensar tanto nela e centrarse completamente no seus estudos. Aínda que lle picaba moito a curiosidade, o universidade non era coñecida por ser piadosa.

Mentres estaba a estudar un destes días, chegou a súa habitación un visitante que non podía resultar menos oportuno. Cando o suxeito en cuestión abriu a porta sen ter chamado antes, os residente non puido evitar lanzarlle o primeiro que tiña a man, sendo isto o seu estoxo cheo de bolígrafos. A outra persoa nin sequera o intentou evitar, simplemente deixou que lle golpease antes de que caese ao piso polo seu propio peso.

— Xa podías ter un pouco mais de coidado, que son teus. — Dixo o intruso en cuestión con voz burlona mentres se achegaba ao escritorio, posicionandose detrás da outra persoa mentres miraba por enriba do seu ombro.

— ¿Quen conas che deixou entrar a ti? Porque que eu saiba non hai ninguén mais no piso.— Queixouse o estudante peliblanco, quen estaba a tentar enfrascarse nos textos e apuntes que tiña na mesa.

— Roubeiche as chaves o outro día antes de entrar a clase e fun facer unha copia mestres ti estabas a prestar atención.— Respondeu a outra

persoa mentres sacaba as chaves en cuestión do bolsillo dos seus pantalóns e llas ensinaba ao propietario lexítimo, restregándosellas pola cara.

— Ti naciches para ser un criminal... Cada día sorpréndesme con algo diferente.— Cun suspiro, o estudante tentou quitarlle a chaves ao intruso, pero este, habendo adiantadose a súa acción, deu dous pasos atrás fora do seu alcance.

— Terás que levantarte desa cadeira taaaaaaan cómoda se e queres alcanzarme, Miru.— Cunha sonrisa burlona gravada a fogo na súa cara, o maleante observaba ao outro estudante mentres se dirixía cara a porta.

Cun chasquiño da súa lingua, Miru levantouse do seu escritorio e foi tras o seu amigo, quen xa fixera da habitación deixando a porta aberta detrás súa. Mirou ao redor do apartamento, pero aínda así non o deu encontrado; nin no cuarto de baño nin nas habitacións dos seus compañeiros, era un misterio onde a outra persoa había fuxido. Pensativo, quedouse quieto un momento mentres andaba a revisar na pequena cociña, onde se apoiou contra a encimera e, despois dun bo rato, deu coa solución.

— Eloy marchou e levouse a chave... ¿como non o pensei antes?— Miru suspirou ante a súa estupidez, cruzando os brazos en frustración mentres se somerxía nos seus pensamentos, tentando pensar nunha maneira para poder convencer ao seu 'amigo' de que lle devolvese o que tecnicamente era seu.

Casi dun momento para o outro, o silencio reinaba no fogar, a falta da xente que acostuma a facer a maior parte do ruído deixando unha extraña imaxe que sendo sinceros, pouca veces mais se ía repetir. A luz do sol que xa se estaba a ocultar no horizonte iluminaba a estancia da maneira que parecía perfecta para un lugar mundano coma o era aquel, os raios dourados dándolle unha aparencia de maxestosidade.

Cando pensaba que xa terminaran os problemas por hoxe, Miru compúxose e tomou un paso en dirección a súa habitación de novo, antes de que un par de brazos rodeasen os seus ombros e o arrastrasen de volta con forza, chocando coa encimera e a persoa que estaba a impedirle proseguir cos seus estudos.

— ¿Xa querías escapar de min? — Pregunto a persoa, voz pícara mentres os brazos apertaban a súa presa.

— ¡Mira onde andabas! — Gritou Miru, xirando a súa cabeza de maneira brusca para mirar aos ollos ao 'descoñecido', que non era outra persoa máis que o seu dolor de cabeza persoal chamado Eloy.

— ¿Pensaras que fuxira? ¡Menuda osadía! Serei un desgraciado, pero non un covarde.— A ton de voz notábase aflixida, aínda que seguía a burlarse da outra persoa.

— Simplemente olvidei que podías esconderte. As túas habilidades especiais sempre resultan do mais molestas.— Respondeulle Miru, o seu cansancio chegándolle de golpe mentres tentaba golpear na cara a Eloy, quen de maneira simple apertou mais os seus brazos para non deixar escapar a outra persoa, o cal non terminou por evitar que unha furtiva mano esquerda lle golpease de sorpresa e agarrase as súas meixelas, arrastrando a súa cabeza hacia diante.

— Non estou de humor para as túas tonterías, como poderás observar, así que faime o favor de calar a boca.— Volveu falar o peliblanco, mirada centrada nos ollos da outra persoa, o cales parecían haber entendido por un único momento o que tiñan que facer.

Houbo uns momentos de silencio, ambos xovenes mirándose mentres as súas respiracións parecían sincronizarse, volvéndose igual de pesadas pero cálidas segundo estaba a pasar o tempo. Non foi ata que Eloy abriu os seus labios lixeiramente que o apartamento recuperou algo de vidilla

— ¿Calarasme ti se sigo a falar?—

OUTRAS ACTIVIDADES

LISTAXE DE REPRODUCCIÓN DE MÚSICA EN GALEGO EN SPOTIFY




Coa intención de amenizar o tempo de traballo e estudo da comunidade educativa, o EDLG do IES San Clemente creou unha listaxe de reprodución de música en galego na aplicación Spotify.

A idea era agrupar unha relación de pezas na que non pese tanto a cantidade, senón a variedade. É dicir, dar a coñecer o máximo número posible de artistas nacionais en vez de engadir unha ducia de cancións daqueles ou daquelas que xa teñen a sorte de contar con máis sona. É por isto polo que só escoitaredes unha pista de cada un deles, coa única excepción de repetición en caso de dueto.

CONTRA A BARBARIE EN GAZA, LECTURAS SOBRE PALESTINA

Cando Gaza levaba pouco máis dun mes sendo atacada indiscriminadamente, o EDLG do IES San Clemente entendeu que non debía permanecer alleo á barbarie, aínda que para isto só puidera recomendar uns cantos libros que informen en condicións sobre a ocupación do territorio palestino por parte do estado israelí, esa que se iniciou co sionismo xa a finais do século XIX e que, como estamos a ver, nada ten de conciliadora.



LETRAS GALEGAS 2024: LUÍSA VILLALTA



O 17 de maio, con motivo do Día das Letras Galegas, o EDLG do IES San Clemente quixo felicitar esta importante data á comunidade educativa co envío dun PDF dedicado á homenaxeada neste ano 2024: a coruñesa Luísa Villalta (1957-2004).

Ademais, durante todo o mes, proxectouse nas pantallas do centro o documental en seis partes, dispoñible no portal da Real Academia Galega, para dar a coñecer esta interesante figura.

